



SINDICATO UNIFICADO DE POLICIA
UNIDAD ADSCRITA A LA XUNTA DE GALICIA. SANTIAGO

O SUP reclama máis axentes para a Policía Autonómica

O Secretario Xeral do Sindicato de Policía asegura que Cortizo está a actuar coma un "hooligan"

O Secretario Xeral do Sindicato Unificado de Policía (SUP) Xosé Freire expresou esta mañá a súa disconformidade coa delegación do Goberno en Galicia ó non aumentar o número de funcionarios da Policía Autonómica. "Nós damos por perdida esta batalla", afirmou.

A Policía Autonómica contaba no 1991 con 157 axentes, que no 1997 aumentou ata 369, chegando ós 431 no ano 2007. Esta tendencia cambiou no 2008, cando comezou o declive. Na actualidade, o corpo está formado por 353 funcionarios. Freire afirma que esta situación dáse por unha falta de "vontade" por parte do delegado do Goberno, Miguel Cortizo, que actúa "máis coma un hooligan que coma un delegado de goberno". O secretario do SUP afirmou que a seguridade debe ser un tema "allego á loita política" e eloxiou neste sentido, o labor levado a cabo pola administración galega, que considera "fundamental".

Doutra banda, Freire contestou ás críticas que está a recibir o colectivo en relación ós incendios. O secretario asegurou que se está realizando "un gran traballo para deter ós autores", e destacou que no que vai de ano xa se contabilizaron 61 detencións, fronte as 53 do 2010 e as 41 do 2006. Polo tanto, considera inapropiadas as críticas que están a recibir, pois "coido que o traballo feito é importante". Neste sentido, Freire destacou a faceta do corpo policial para "multiplicarse", destinando menos axentes e máis horas ó servizo da extinción de incendios e a investigación de culpables. "O ideal é que houbera 500 efectivos e 75 patrullas no monte", declarou, explicando que se a presenza policial é máis continua, "é máis fácil facer labor preventiva".

O SUP solicita, por outra banda, máis colaboración da cidadanía "sobre todo no ámbito rural" xa que "calquera información que nos poidan aportar é moi valiosa". Freire destacou a importancia da labor de sensibilización da poboación xa que se fai necesario ese "vínculo de colaboración e compromiso" por parte da cidadanía.

FUENTE: XORNAL DE GALICIA